

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE NOVEMBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licencias de obras.

FAVORABLES.-

1892/06.- Construcciones Rey Garcia-Corega, S.L.- Legalización ós efectos de 1ª ocupación de 4 vivendas unifamiliares executadas na R/ Penamaría núm.4-10.-

PRÓRROGA.-

1712/06.- Proyelinka, S.L.- Rehabilitación na Praza de Cervantes núm.7 (+).

CORRECCIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2006.-

1809/06.- José García Gerpe.....Expte...1191/06.....2.884,86 €.-

CORRECCIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 24 DE ABRIL DE 2006.-

2298/05.- Ansedes Domínguez, S.C.- Parcelación na R/ Alfredo Brañas , San Pedro de Mezonzo e República do Salvador

DEVOLUCIÓN FIANZA.-

1968/06.- Victoriano José Gasamans Vilariño.-Expte..376/00.....200.000 ptas (1.202 €).-

ÁPERTURAS.-

Lap/370/06.- Urban SUNP-6, S.L. Funcionamento de garaxe na Avda. Barcelona núm.35.-

OCiHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2636/2005.- VIQUEIRA Y LAGARES, SL. Rehabilitación de dúas vivendas unifamiliares en Calzada de Santo Antonio, números 5 e 6.

LIC/2170/2006.- ZOAR RESIDENCIAL. Cambio de titularidade da licenza 289/2006 concedida o 2 de outubro de 2006 para a rehabilitación de edificio de baixo e tres plantas na rúa Cruceiro do Galo, 3.

LIC/672/2006.- FERNANDO SANTOS BENITO. Rehabilitación e ampliación de vivenda na rúa do Espírito Santo, 61A e 62B.

DESFAVORABLES

LIC/2147/2006.- Mª PILAR NIETO ANDRADE. Denegación da licenza para segregación de solar en ruela das Chufas, 13-14.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á modificación dos acordos de datas 10/07/06 e 02/08/06 referentes a posta en marcha do servizo "COMERCIO COMPOSTELÁN PARA MERCAR E XOGAR".

Apróbanse as modificacións propostas.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados relativa á aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa consignada orzamentariamente ao centro comercial aberto Compostela Monumental.

Apróbase o devandito pagamento.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de subvencións das escolas deportivas último trimestre 2006.

Apróbanse axudas por valor de 12.384 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano.

Apróbase o gasto relativo á xustificación do convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano, por un valor de 20.352,76 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación de diversos convenios de colaboración.

Apróbanse os gastos.

12.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á modificación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar e inicio dos trámites preparatorias da nova contratación.

Apróbase a modificación do contrato de prestación do servizo de axuda no Fogar subscrito coa empresa GERIATROS, SA, no senso de ampliar o número de usuarios para facer fronte ás necesidades planteadas, o que supón un incremento do prezo total do mesmo de 106.492,50 euros.

13.- Revisión de prezos do contrato dos servizos de limpeza, vixianza e conservación de colexios públicos e polideportivos nos centros de Santiago.

Aprobación da revisión de prezos. Acórdase incrementalos no 2,90%.

14.- Actualización de tarifas da xestión do tanatorio en Santiago de Compostela. TRAPSA.

Apróbase a revisión das tarifas conforme ao IPC do período decembro 2004-decembro 2005, do 3,7%.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á resolución do concurso de I + C (imaxinación máis comercio)

Apróbase a concesión do premio ao proxecto Zürich SCQ, e as mencións especiais aos proxectos "As 40 en Bacallao" e "Acondicionamento de local para destinar a tenda-exposición de roupa".

16.- Xustificación da subvención a "Cursos universitarios e internacionais Música en Compostela".

Apróbase a xustificación da subvención, por un importe de 7.212 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de bases de asignación do 2º complemento de formación.

Apróbanse as bases.

18.- Liquidación de contas dos programas da oferta de verán 2006.

Apróbase a liquidación de contas, que presenta un resultado de positivo polo importe de 36.799,87 euros.

19.- Adxudicación do subministro de 4 motocicletas de 250 cc para a POLICIA LOCAL.

Apróbase o subministro de 4 motocicletas á empresa TERREMOTO COMPOSTELA, por un importe de 21.220 euros.

20.- Adxudicación do subministro e instalación de barreiras de contención de vehículos en desniveis ó borde da vía férrea Zamora-A Coruña.

Adxudícase o subministro á empresa BARRERAS DE SEGURIDAD,SL, por un importe de 30.000 euros.

21.- Adxudicación do subministro e instalación de dous servidores para a implantación dun sistema de virtualización no centro de proceso de datos do Concello de Santiago.
Apróbase a adxudicación á empresa SOFTGAL, SA, por un importe de 29.000 euros.

22.- Adxudicación do subministro e instalación de cableado de planta exterior ubicado na Praza do Obradoiro con desmontaxe e posterior instalación de caixas de conxionado.
Apróbase a adxudicación do subministro á empresa TELEFÓNICA, por un importe de 6.525 euros.

23.- Adxudicación do subministro e instalación de manguera de fibra óptica na antiga central de tráfico ata a Praza de Galicia.
Apróbase a adxudicación do subministro e instalación á empresa TELVENT, por un importe de 7.095, 02 euros.

24.- Adxudicación do subministro de software de xestión de centralitas telefónicas DNA.
Apróbase á adxudicación do subministro a TELEFÓNICA, por un importe de 10.935,85 euros.

25.- Adxudicación das obras de ampliación de iluminación na rúa 25 de xullo (As Cancelas).
Apróbase o proxecto redactado, así como a adxudicación de referencia á empresa DAVIÑA, SL, por un importe de 15.697 euros.

26.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reforma de iluminación nas rúas Pequena e Mallou de Abaixo.
Apróbase o proxecto, prego e inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 53.320,25 euros.

27.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación das obras de remodelación do campo da festa de Lamascal-San Xoan de Fecha.
Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 59.926,26 euros.

28.- Aprobación do proxecto complementario ao das obras de pavimentación do acceso a SOGAMA desde a N-550 e adxudicación das mesmas ao contratista da obra principal.
Apróbase o proxecto e a súa adxudicación á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES,SA pola cantidade de 59.252,02 euros. O prazo para a execución estimado é dun mes.

29.- Reclamacións de responsabilidade patrimonial.
Apróbase a atribución de responsabilidade patrimonial por danos en 2 vehículos ás empresas CESP A e AQUAGEST.

30.- Proposta da concelleira delegada de Sanidade relativa á realización do 1º ciclo de conferencias ALIMENTACIÓN E SAÚDE.
Apróbase a realización do ciclo, por un importe de 11.000 euros.

31.- Informe de Intervención relativo á solicitude da empresa adxudicataria da xestión da Escola infantil de Fontiñas.
Apróbase a subvención municipal anticipada á Escola Infantil de Fontiñas durante 2 meses, por un importe de 9.333,33 euros.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Patrimonio relativa a cesión de uso do local sito na rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, 12-14-1º, a favor de EMUVISSA.

Autorízase a cesión de uso do devandito local a EMUVISSA para que o destine ás súas oficinas.

33.- Dar conta pola concelleira delegada de Sanidade da concesión dunha subvención ao Concello.

Dáse conta da subvención concedida pola FEMP ao Concello de Santiago, por un valor de 6.000 euros.

34.- Dar conta do escrito presentado pola Delegación do Goberno en Galicia respecto da solicitude efectuada por este Concello de axudas con motivo da vaga de incendios producidos en Galicia no verán de 2006.

Dáse conta do devandito escrito.

35.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica para dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para a contratación de traballadores desempregados.

Dáse conta da concesión da devandita subvención, por un importe de 90.167,22 euros.

36.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social para dar conta da concesión de diversas subvencións ao Concello.

Dáse conta da concesión dunha subvención por parte da Deputación da Coruña, por un valor de 37.949,34 euros, e doutra subvención concedida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, por un valor de 512,79 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse as obras de rehabilitación do edificio anexo á Escola Municipal de Música, na rúa de Betanzos á empresa JESÚS MARTÍNEZ ALVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 228.341,13 euros, e un prazo de execución de 6 meses.

2.- Apróbanse, a proposta do concelleiro de Transportes, as novas tarifas de Autotaxi para o ano 2007.